

## NUBE DE SEDA NA LÚA

Xosé Luís Vázquez Somoza, profesor do I.E.S. "Lucus Augusti", temos afeitos a sorprenden os nosos ánimos con verbas de premios en narracións curtas; entre outras, amósamos as que acollen o seu cálamo dende o segundo bimilenario: o " Manuel Murguía" no ano 2000, o primeiro accésit do "Pedrón de Ouro" no 2002 e outro no 2004... e case trasantonte chiáronnos os oídos, e estabamos no certo, cando escoitamos que Xosé Luís fora o gañador do primeiro premio do Certame de Narración Curta Ánxel Fole en galego da nosa cidade bimilenaria e ben murada; e digo isto porque no ano 2001 publicou un relato intitulado "Paixóns amuralladas".

O título do relato gañador do Ánxel Fole noméase *Nube de seda na Lúa*, e non hai máis que ler o título para darse conta da prosa que fai o noso compañeiro e amigo Somoza. A súa prosa é unha rexouba para os ollos, un gusto doce para o padal e un exercicio de beleza para o pensamento.

As primeiras páxinas asolagan ó lector na aventura que prosegue cando "as papoulas florecen nos campos soñados en verde", nese "verde horneblenda" de denuncia social das enfermidades insólitas que descoida a ciencia "coma se un frío afiado cortase en cristais os silencios".

Pero, tamén é un canto á vida o que Xosé Luís traballa coa palabra solermiña na forma e con peso específico no fondo, enriquecido dunha adxectivación florida "buscando na palabra adxectiva as claves daquel misterio". Adxectivación de cabaleiro que doma as verbas acariñando demansiño o léxico, e cando o substantivo gaña a carreira e necesita un descanso, sométeo á suavidade dunha volainiña; así mesmo, na súa calidade de cabaleiro aguilloa coas esporas ós "densos

nubeiros inflamados de resignación", "ás bolboretas da desesperación que revoaban nesas noites do verán á luz cansada das ideas gangrenosas", "á rabia da impotencia no terreo vizoso da adolescencia".

Vemos, pois, -"anque os grafemas resistan ó ataque cubista das mans"- unha prosa excelente con exquisitos e rícales adxectivos que penduran de substantivos moi traballados pola trencha do autor, que converte á palabra en arte e ó relato en LITERATURA (con maiúsculas), en loas á vida, en loanzas ás pequenas cousas que todos nós debemos aproveitar, porque todos podemos "nacer ó sol de cada día coa garavata da ilusión recién estreada", "auscultar as miradas co fonendoscopio cálido da alma", "apalpar o aire melancólico", "ulir a vibración tensa do amor" ou "arrincarlle suspiros á lúa e xogar coas estrelas", pero nós, querido Somoza, "durmimos coas fiestras dos soños abertas" a novos premios que benseguro bicarán o cálamo ingrávido das túas mans, dirixidas polo vento e a búsola do teu egrexio pensamento.

Xosé Otero Canto

